



Ames

DAVID SANTOMIL ENCABEZARÁ A CANDIDATURA DO BNG DE AMES NAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DO ANO 2023

A Asemblea Local aprobou por unanimidade a proposta do candidato á Alcaldía para as eleccións municipais de maio de 2023, que estará acompañado nun primeiro tramo polas concelleiras Natividade González e Escarlata Pampín.

O BNG de Ames considera que o nivel de coñecemento de David Santomil por parte da cidadanía, o seu talante de diálogo e a súa experiencia no goberno local dende o ano 2015, así como a alta execución do programa de goberno nas súas áreas de xestión, son activos fundamentais para conseguir un apoio maioritario para o BNG nas próximas eleccións municipais.

O BNG mantén que o actual grupo municipal debe ter continuidade, repetindo así os tres primeiros postos da candidatura, co obxectivo de completar os proxectos que está a desenvolver o Concello de Ames e de seguir a garantir a estabilidade política, cun equipo unido.

David Santomil, agradeceu de novo a confianza dos afiliados e afiliadas do BNG e destacou na súa intervención que *“é o momento do BNG”*, pois están a darse as circunstancias necesarias para *“agrupar a esquerda galeguista e nacionalista de Ames”* na súa candidatura, que *“sae a gañar”*.

Santomil comprometeuse a seguir a desenvolver unha *“política de feitos e non de promesas”*, con *“proxectos realistas e que se cumpren”*, como os que están actualmente en execución nas concellarías dirixidas polos edís do grupo municipal do BNG, así como a *“impulsar unha acción de goberno completa e moderna”* que permita transformar o concello en sintonía cos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

David Santomil é doutor en Xeografía e Ordenación do Territorio pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende o ano 2015 foi concelleiro de Educación, Cultura, Patrimonio e Axenda Urbana, así como primeiro tenente de Alcalde dende o ano 2019.

Atentamente,

BNG de Ames

Contacto: 636058483 (Rosalía)

ames@bng.gal